



Expediente núm.: 1825/2022

Actividade: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

Procedemento: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

Asunto: ORDE do 21 de febreiro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2022

Obra/servizo subvencionado: Obradoiro dual de emprego Pereiro – San Cibrao

Categoría profesional: Director/a

RESOLUCIÓN DE ALCALDIA

ASUNTO: Aprobación lista definitiva proposta polo Tribunal Cualificador e contratación de aspirantes que superaron o proceso selectivo "Obradoiro Dual de Emprego Pereiro - San Cibrao 2022", na categoría profesional de **Director/a**.

Visto o expediente tramitado para a selección de persoal laboral temporal no Concello do Pereiro de Aguiar, de (1) director/a para a obra / servizo "Obradoiro dual de emprego Pereiro – San Cibrao", cuxas bases foron aprobadas pola Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria realizada o día 9 de setembro de 2022, e posteriormente publicadas, na sede electrónica deste Concello do Pereiro de Aguiar e na súa páxina web con data do 12 de setembro de 2022, e no taboleiro de anuncios da oficina de emprego de Ourense – A Ponte.

Vista a proposta do Tribunal cualificador das probas e de acordo coa orde de puntuación obtida no referido proceso selectivo.

Vista a conformidade dada pola xefatura territorial da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, unha vez verificados os requisitos dos candidatos/as propostos/as para poder participar no proxecto "Obradoiro dual de emprego Pereiro – San Cibrao".

De conformidade co establecido no artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e demais disposicións concordantes,

RESOLVO

Primeiro.- Aprobar a lista definitiva de aspirantes propostos polo Tribunal cualificador, que superaron as probas selectivas do proceso de selección de persoal laboral temporal de (1) director/a para a obra / servizo "Obradoiro dual de emprego Pereiro – San Cibrao", de acordo coa orde de puntuación obtida no dito proceso selectivo, para os efectos da súa contratación laboral temporal, cando as necesidades do Concello así o requiran.

Lista de aspirantes por orde de puntuación obtida:

Nº DE ORDE	APELIDOS E NOME	DNI	PUNTUACIÓN TOTAL
1	PLAZA MARTÍNEZ TANIA	██████████3217██████████	8,70
2	GÓMEZ QUINTELA EVA MARÍA	██████████1553██████████	7,50
3	VÁZQUEZ SALCEDA IVO	██████████8462██████████	6,00
4	CARREIRO GONZÁLEZ JOSÉ MANUEL	██████████5466██████████	5,30

LUIS MENOR PÉREZ (1 para 2)
ALCALDE
Data de Sinatura: 06/10/2022
HASH: 56bab7f7ca47c563b9a66de4c186ee3



JOSÉ ANTONIO CENDERA PÉREZ (2 para 2)
SECRETARIO - INTERVENTOR
Data de Sinatura: 06/10/2022
HASH: 41280bd8e9a289550670749da0011e76



RESOLUCIONES DE ALCALDIA

Número: 2022-0801 Data: 06/10/2022



Cod. Validación: S36WQYH7HDANGSW76F5GMLRAP | Corrección: https://concelloperreiro.sedelectronica.gal/ Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 3



CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

5	RAINER PAN LUISA	████████1092████████	3,30
---	------------------	----------------------	------

Segundo.- Contratar a seguinte aspirante proposta polo Tribunal cualificador para o posto de traballo de director/a do "Obradoiro dual de emprego Pereiro – San Cibrao", de acordo coa orde de puntuación obtida no proceso selectivo:

Nº DE ORDE	APELIDOS E NOME	DNI	PUNTUACIÓN TOTAL
1	PLAZA MARTÍNEZ TANIA	████████3217████████	8,70

Terceiro.- Contratar na categoría profesional de "directora" á antedita aspirante para o período comprendido entre o 05 de outubro de 2022 e o 04 de outubro de 2023, para a obra / servizo "Obradoiro dual de emprego Pereiro – San Cibrao" segundo a subvención recibida ao abeiro da ORDE do 21 de febreiro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2022.

Cuarto.- Formalizar o contrato de traballo na modalidade de contrato de traballo temporal para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral (modelo 405), segundo o artigo 15 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto dos traballadores, e o artigo 2 do Real decreto 2720/1998, do 18 de decembro polo que se desenvolve o artigo 15 do estatuto dos traballadores en materia de contratos de duración determinada, en réxime de dedicación a tempo completo.

Quinto.- Formalizado o contrato, comunicar á oficina pública de emprego que corresponda, no prazo do dez días seguintes á súa concertación.

Sexto.- Informar á representación legal dos/as traballadores/as, mediante entrega dunha copia básica dos contratos celebrados.

Sétimo.- A quenda de reserva queda establecida pola seguinte orde de puntuación, conforme ao disposto no artigo 10 das Bases que foron aprobadas pola Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria realizada o día 9 de setembro de 2022, e posteriormente publicadas, na sede electrónica deste Concello do Pereiro de Aguiar e na súa páxina web con data do 12 de setembro de 2022, e no taboleiro de anuncios da oficina de emprego de Ourense – A Ponte:

Nº DE ORDE	APELIDOS E NOME	DNI	PUNTUACIÓN TOTAL
1	GÓMEZ QUINTELA EVA MARÍA	████████1553████████	7,50
2	VÁZQUEZ SALCEDA IVO	████████8462████████	6,00
3	CARREIRO GONZÁLEZ JOSÉ MANUEL	████████5466████████	5,30
4	RAINER PAN LUISA	████████1092████████	3,30

Oitavo.- Publicar a presente Resolución na sede electrónica e na páxina web deste Concello do Pereiro de Aguiar.

Noveno.- Dar conta da presente Resolución ao Pleno do Concello e (no seu caso) á Xunta de Goberno Local, na primeira sesión que celebren.





CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

Décimo.- Contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán os interesados/as interpoñer, alternativamente, ou recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes para contar desde o día seguinte á recepción desta notificación, ante a Alcaldía deste Concello, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas - LPACAP-, ou recurso contencioso - administrativo, ante os Xulgados do Contencioso - Administrativo de Ourense no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso - Administrativa. Se se optase por interpoñer o recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer recurso contencioso - administrativo ata que aquel sexa resollido expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Así mesmo, poderá exercitar calquera outro recurso que considere pertinente.

Así o acorda o Sr. Alcalde, D. Luís Menor Pérez, no Pereiro de Aguiar; do que como Secretario – Interventor dou fe ó exclusivos efectos do disposto no artigo 3.2 e) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

O Alcalde,
Luís Menor Pérez

O Secretario – Interventor,
José Antonio Cerdeira Pérez

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

RESOLUCIONS DE ALCALDIA
Número: 2022-0801 Data: 06/10/2022



Cod. Validación: S36WQYH7HDANGSW76F5GMLRAP | Corrección: <https://concelloperreiro.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3